

GR6163406

02/2022



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DE GALICIA (FCITICG)

CAPÍTULO I

CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN

Artigo 1. Denominación, natureza e domicilio

1. A Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns de Galicia (a Fundación, en diante), constitúese ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, como organización sen fin de lucro, dotada de personalidade xurídica propia, de natureza fundacional acorde coa Lei de fundacións de interese galego, que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan nestes estatutos.

2. O domicilio estatutario da Fundación establécese no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (CITIC), da Universidade da Coruña (UDC), sito no campus universitario de Elviña s/n da cidade da Coruña.

A pesar do indicado, os órganos colexiados da Fundación poden realizar validamente sesións e reunións en calquera localidade e edificio habilitado para o efecto cando así se acordar por unanimidade.

O Padroado poderá acordar o cambio de domicilio da Fundación, mediante a oportuna modificación estatutaria, cando as necesidades de xestión e organización así o aconsellen, do cal dará inmediata comunicación ao Protectorado na forma establecida na lexislación vixente.

Artigo 2. Personalidade xurídica, capacidade, comezo de actuacións, duración temporal e ámbito de actuación

1. A Fundación entenderase validamente constituída como fundación de interese galego desde o outorgamento da súa carta fundacional en escritura pública e inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións de Interese Galego, unha vez recoñecida pola consellaría competente da Xunta de Galicia.

A partir da súa inscrición no devandito rexistro, a Fundación adquirirá personalidade xurídica propia e independente, así como plena capacidade de obrar, de forma que, desde ese momento, poderá realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para lograr o cumprimento dos fins que motivaron a súa creación, con suxeición aos presentes estatutos, á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e a súa normativa de desenvolvemento, e ao disposto no ordenamento xurídico en vigor.

Non obstante, unha vez outorgada a escritura fundacional, e en tanto se proceda á inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego o órgano ou Padroado da

Fundación só poderá levar a cabo, alén dos actos necesarios para obter a devandita inscrición rexistral, aqueles que resulten indispensables para a axcitada conservación do patrimonio fundacional e aqueles outros que non admitan demora sen prexuízo para a Fundación, os cales se considerarán asumidos automaticamente por esta, a partir do momento que adquira personalidade xurídica.

2. Con carácter meramente enunciativo e non limitativo, e sen prexuízo das pertinentes autorizacións do Protectorado, a Fundación poderá: adquirir, conservar, posuír, dispoñer, allear e gravar toda clase de bens mobles, inmobles e dereitos, ben como realizar todo tipo de actos e contratos; recibir e reembolsar empréstitos; transixir e acudir á vía administrativa ou xudicial no exercicio de toda clase de acción e excepcións ante organismos públicos e persoais, xulgados e tribunais; e, en xeral, todos os actos necesarios para conseguir, conforme á lexislación aplicable a cada suposto, os seus obxectivos.

Así mesmo, a Fundación, canto que promotora da actividade científica e investigadora descrita nos seus fins, ten capacidade para participar en todo tipo de convocatorias e desenvolver calquera proxecto e procurar calquera obxectivo conexo á devandita finalidade.

O obxecto dos seus fins fundacionais poderá realizarse de xeito directo ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas, públicas ou privadas.

3. A Fundación que se constitúe terá unha duración temporal indefinida. Con todo, se nalgún momento os fins propios da Fundación puidesen estimarse cumpridos ou resultaren de imposible realización, o Padroado poderá acordar a extinción daquela.

4. O ámbito territorial da Fundación será o correspondente á comunidade autónoma de Galicia, sen prexuízo das actuacións que para o cumprimento do fin fundacional sexan realizadas fóra deste ámbito territorial.

Artigo 3. Réxime xurídico

A Fundación rexerase polos presentes estatutos, polos regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto, pola Lei do 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego ou, no seu caso, polas disposicións que as substitúan. Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei estatal 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e polas normas regulamentarias que a desenvolvan; pola Lei estatal 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; así como polo resto das disposicións legais de dereito civil, mercantil, laboral ou administrativo que foren de aplicación.



GR6163405

02/2022

Artigo 3 bis. Membros da FCITICG

Poden facer parte da FCITICG todas as persoas naturais ou xurídicas que o desexaren e se integren nela nalgún dos seguintes grupos:

- a) Fundadores.
- b) De número.
- c) Adheridos.
- d) De honra.

Artigo 3 ter. Membros fundadores

Son membros fundadores a UDC e as demais persoas físicas e xurídicas que outorgan a Carta Fundacional.

Artigo 3 quater. Membros de número

Reunirán a condición de membros de número quen, con posterioridade ao outorgamento da Carta Fundacional, decidiren colaborar cos fins da Fundación conforme os presentes Estatutos, sexan aceptados como tales polo Padroado e efectúen a achega económica que o amentado Padroado sinalar para o cumprimento dos fins da Fundación, ostentando os mesmos dereitos e obrigas que os fundadores.

Artigo 3 quinquies. Membros adheridos

Serán membros adheridos as persoas físicas ou xurídicas que decidiren prestar colaboración aos fins fundacionais, solicitando a súa incorporación con este carácter e sendo aceptados polo Padroado.

CAPÍTULO II**FINS, ACTIVIDADES E BENEFICIARIOS DA FUNDACIÓN****Artigo 4. Fins fundacionais**

Os fins da Fundación é a contribución ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade do sector das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) de Galicia mediante o fomento da excelencia na investigación e a transferencia de tecnoloxía, así como a produción, promoción, asesoramento e divulgación do coñecemento, no campo das TIC, e a formación de persoal experto no devandito campo. De xeito prioritario mais non exclusivo, este obxecto concretarase no impulso ao CITIC e á Facultade de Informática da Universidade da Coruña.

Artigo 5. Actividades e liberdade de actuación

1. Para a consecución do obxecto e dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación realizará as seguintes actividades:

- a) Realización de proxectos de investigación e consultoría financiados con fondos propios ou procedentes de convocatorias competitivas.
- b) Realización de proxectos de investigación, innovación ou consultoría financiados por contratos de empresas ou entes ou administracións públicas.
- c) Xestión de proxectos de investigación e consultoría técnica financiados por convocatorias competitivas ou por empresas e administracións que desenvolva o CITIC.
- d) Coordinación de grupos ou outros axentes en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias públicas, nacionais ou internacionais, fomentando a relación entre os grupos universitarios e axentes públicos ou privados.
- e) Difusión dos resultados da investigación e a transferencia a través de cursos, xornadas ou encontros.
- f) O fomento das colaboracións con outros centros de I+D+i, públicos ou privados, especializados no sector das TIC.
- g) O establecemento de colaboracións e outros mecanismos de cooperación con administracións públicas e o sector privado, para a mellora na súa capacidade tecnolóxica.
- h) Favorecer o tránsito desde a investigación á transferencia de tecnoloxía dos grupos de investigación adscritos ao CITIC.
- i) Organizar e participar en eventos nacionais ou internacionais no ámbito do obxecto e fins fundacionais.
- j) Promover a relación entre o CITIC, a Facultade de Informática da UDC e o sector produtivo, e outros centros de investigación, para crear un polo de I+D+i no ámbito das TIC en Galicia.
- k) Promover a creación de todas as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do CITIC da UDC.
- l) Calquera outras actividades similares ou análogas ás enumeradas nas alíneas anteriores, que o Padroado considerar de interese para a consecución do obxecto fundacional.

2. O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis idóneos ou convenientes en cada momento.

O desenvolvemento dos fins da Fundación poderá efectuarse, entre outros modos posibles, do seguinte xeito:



GR6163404

02/2022

- a) Pola Fundación directamente, en instalacións propias ou alleas.
- b) Creando ou cooperando coa creación doutras entidades de natureza asociativa, fundacional ou societaria.
- c) Participando ou colaborando co desenvolvemento de actividades doutras entidades, organismos ou institucións ou persoas de calquera clase, físicas ou xurídicas, que dalgún xeito poidan servir aos fins perseguidos pola Fundación.

Artigo 6. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios da Fundación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que realicen a súa actividade de modo habitual na comunidade autónoma de Galicia, e aquelas outras que, polo interese académico, investigador, económico ou social do seu labor, poidan ser merecentes das prestacións da Fundación.
2. O Padroado, á hora de determinar os beneficiarios da actividade da Fundación, actuará con criterios de imparcialidade e non discriminación.
3. O Padroado dará información abonda dos fins e actividades da Fundación para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 7. Dotación fundacional. Aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins

A dotación consistirá nun conxunto ou masa patrimonial de bens e dereitos de calquera clase, e terá que ser adecuada e suficiente para o bo cumprimento dos fins da Fundación. Poderá ser incrementada posteriormente a través das achegas dos fundadores ou de terceiras persoas en cotas anuais.

As cargas que graven os bens achegados non poderán absorber o seu valor, nin levar consigo uns gastos anuais que impidan o destino dunha parte das rendas a fins fundacionais, sen prexuízo do disposto no art. 29 da Lei 12/2006, de fundacións de interese galego

A Fundación destinará efectivamente o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos seus fins fundacionais, agás en caso de que os bens lle sexan transmitidos para unha finalidade determinada, en cuxo caso se entenderán afectos á realización dos obxectivos que o transmitinte establece.

1. Deberá ser destinado ao cumprimento dos fins fundacionais, polo menos, o 70 por 100 dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto (salvo as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación), e destinarase o resto, deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordar o Padroado.
2. En todo caso, os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

3. O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveran e os catro anos seguintes ao peche do devandito exercicio.

Artigo 7 bis. Medio propio e servizo técnico

1. A FCITICG terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña, do Concello da Coruña e das entidades instrumentais de ambas entidades, sen prexuízo dos encargos que lle poidan efectuar outras administracións respecto das cales a FCITICG cumpra os requisitos necesarios para ser considerada como medio propio.

2. As relacións coas anteriores entidades, por conseguinte, non se considerarán de natureza contractual e serán, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, articulándose a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 32 da Lei de Contratos do Sector Público. Estes encargos serán de obrigado cumprimento para a Fundación, de acordo coas instrucións e tarifas fixadas pola entidade autora encomendante.

3. A FCITICG non poderá participar nas licitacións convocadas polos poderes adxudicadores respecto dos cales poda ser considerada medio propio.

CAPÍTULO III

ÓRGANOS DA FUNDACIÓN

Artículo 8. Órganos da Fundación

1. Órgano de goberno: o Pleno do Padroado e a Comisión Permanente.
2. Órgano de xestión sometido ao Padroado: o director-xerente.
3. Consello Asesor.
4. Membros de honra.

Artigo 9. Padroado

1. O Padroado é un órgano de natureza colexiada que exerce o goberno, a administración e a representación da Fundación.
2. Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade destes.



GR6163403

02/2022

Artigo 10. Composición

1. Alén dos membros natos, o Padroado estará composto por 11 membros, 9 designados polo reitor ou reitora da UDC e 2 pola alcaldesa ou alcalde do Concello da Coruña.
3. A Comisión Permanente do Padroado estará integrada por:
 - a) Presidente/a: presidente/a do Pleno ou un/ha vogal en quen delegue.
 - b) Vicepresidente/a: vicepresidente/a do Pleno ou un/ha vogal en quen delegue.
 - c) Secretario/a: secretario/a do Pleno.
 - d) Dous vogais designados/as polo Pleno.
4. Serán membros natos do Padroado
 - a) A persoa titular da Vicerreitoría da UDC que asume as competencias de Investigación, actualmente denominada Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
 - b) A persoa directora do CITIC
 - c) A persoa vicedirectora do CITIC
 - d) Dúas persoas do conxunto de investigadores e investigadoras designadas polo/a Reitor/a da UDC de entre os membros da Comité Científico do CITIC.
5. O Pleno do Padroado designará de entre os seus membros os cargos de presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a do Pleno, no caso de ficaren vacantes, ben como os/as vogais pertencentes á Comisión Permanente. Estes acordos adoptaranse por maioría de tres cuartos dos asistentes do Pleno, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do citado Pleno.

Artigo 11. Duración do mandato dos/as padroeiros/as

1. A duración do mandato dos patróns será de catro anos, renovable por sucesivos periodos de igual extensión.
2. O nomeamento e a substitución dos padroeiros comunicárselle formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 12. Aceptación do cargo de padroeiro/a

Os padroeiros entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou ante o Padroado, o cal se acreditará mediante certificación expedida polo/a secretario/a co visto e praxe do/a presidente/a, e comunicarse formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 13. Presidencia e Vicepresidencia do Padroado

1. A Presidencia do Padroado da FCITICG corresponderá á persoa titular da vicerreitoría da UDC con competencias en materia de investigación.
2. A Vicepresidencia da FCITICG corresponderá a un membro da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, designado/a pola Alcaldesa.

Artigo 14. Secretario/a

1. O Padroado nomeará un/ha secretario/a proposta do/a presidente/a. Este cargo poderá recaer nunha persoa allea ao Padroado, en cuxo caso terá voz pero non voto.
2. Corresponde ao/a secretario/a a certificación dos acordos do Padroado, a custodia de toda a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado, expedir as certificacións e os informes que sexan necesarios e todas aquelas contidas na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e na súa normativa de desenvolvemento, e todas aquelas que expresamente se lle encomendaren. Nos casos de doenza, ausencia ou vacante exercerá as funcións de secretario/a o membro máis novo do Padroado.

Artigo 15. Atribucións do Padroado

Sen prexuízo das preceptivas autorizacións do Protectorado, serán facultades do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir o obxecto e os fins fundacionais, e administrar os bens e dereitos que integran do patrimonio da Fundación de acordo co previsto nos presentes Estatutos.
- b) Exercer o goberno e a representación da Fundación e aprobar os plans de xestión e programas periódicos de actuación desta.
- c) Interpretar e desenvolver os Estatutos e, no seu caso, acordar a súa modificación, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e á mellor consecución dos seus fins.
- d) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación e determinar os criterios de actuación e os procedementos xerais aos que deba suxeitarse a Fundación.
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais.
- f) Seleccionar os beneficiarios das prestacións fundacionais.
- g) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que deban de ser presentadas ao Protectorado.
- h) Acordar a apertura e peche das súas delegacións.
- i) Adoptar acordos sobre a extinción ou fusión da Fundación en caso de imposibilidade de cumprimento dos seus obxectivos.



GR6163402

02/2022



- j) Delegar as súas facultades nun ou máis padroeiros, sen que poidan ser obxecto de delegación a aprobación das contas e do plan de actuación, a modificación dos Estatutos, a fusión e a liquidación da Fundación, así como aqueles actos que requiran a autorización do Protectorado.
- k) Decidir a activación e funcionamento da Comisión Permanente.
- l) Elixir o/a presidente/a, o/a vicepresidente/a e o/a secretario/a, así como o/a vogal da Comisión Permanente.
- m) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- n) Acordar a adquisición, alleamento e gravame de bens mobles ou inmoables para ou pola Fundación, subscribindo os correspondentes contratos, e dando conta da operación ao Protectorado de conformidade coas previsións legais.
- o) Concertar operacións financeiras de todo tipo con entidades públicas e persoais, mesmo préstamos e créditos.
- p) Autorizar a política de persoal e réxime retributivo dentro dos límites legais.
- q) Nomear o director-xerente.
- r) Aprobado os acordos e/ou convenios que considere de interese para a mellor consecución dos seus fins.
- s) Adoptar os logotipos e selos que constitúan a imaxe corporativa da fundación.
- t) Acordar o exercicio das accións que considerar oportunas, así como a interposición de recursos e reclamacións xudiciais ou administrativas que se consideraren oportunas en defensa dos dereitos e intereses da fundación.
- u) Aceptar doazóns cando comporten algunha condición ou modo oneroso, dando conta ao Protectorado, quen poderá exercer as accións de responsabilidade previstas na lei, ben como legados e herdanzas a beneficio de inventario.
- v) Con suxeición á normativa vixente, o padroado poderá conferir apoderamentos ou delegar as súas funcións no apoderado xeral/director xerente, comisión permanente, comisións ou comités que se constitúan, así como encomendarlles a entidades aspectos concretos da xestión.
- w) En xeral, cantas outras funcións deba desenvolver para a administración e goberno da Fundación.
- x) Designar membros de honra.

Artigo 16. Obrigas do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes Estatutos.

Artigo 17. Forma de deliberación e adopción de acordos

1. O Padroado reunirase, cando menos, dúas veces ao ano e tantas veces como for preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao/á presidente/a convocar as súas reunións, ben por iniciativa propia, ben cando o solicite, polo menos, un terzo dos seus membros.

A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, cando menos, con dez días naturais de antecendencia á data da súa realización, u tilizando un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela indicarase o lugar, día e hora da realización da reunión, así como a orde do día.

Non será precisa convocatoria previa cando se atopen presentes todos os padroeiros e acorden por unanimidade a realización da reunión.

2. O Padroado quedará validamente constituído cando concorra polo menos a metade máis un dos seus membros, presentes ou representados por outro/a padroeiro/a coa debida acreditación.

3. Os acordos adoptaranse por maioría de votos, agás cando os Estatutos ou a lexislación vixente estableceren maiorías cualificadas.

A Presidencia dispón de voto de calidade para dirimir os empates que se puideren producir nas votacións que se realicen no Padroado.

4. Será preciso o voto favorable dos 3/4 dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición dos bens da Fundación a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da Fundación.

5. O/A secretario/a redactará a correspondente acta das reunións do Padroado, a cal deberá ser sometida á aprobación de todos os membros presentes nestas. Esta transcribirase ao correspondente libro e será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

Artigo 18. Exercicio do cargo e responsabilidade dos padroeiros

1. Os padroeiros deberán desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.

2. Os padroeiros responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou a estes estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo.

Quedará exento de responsabilidade quen votase en contra do acordo e quen probe que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixo todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos opúxose expresamente a aquel.

3. Os padroeiros deberán concorrer ás reunións ás que sexan convocados e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes estatutos.



GR6163401

02/2022

4. Os padroeiros desempeñarán os seus cargos gratuitamente. En todo caso, terán dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas que se causen no cumprimento de calquera misión concreta que se lles confie en nome ou interese da Fundación.

5. A pesar do establecido no punto anterior, o Padroado poderá fixar unha retribución idónea a aqueles padroeiros que presten na Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lle corresponden como membros do Padroado, do que se informará ao Protectorado no prazo máximo dun mes.

Artigo 19. Cesamento e suspensión de padroeiros

1. O cesamento e a suspensión dos padroeiros da Fundación produciranse nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006 do 1 de decembro de fundacións de interese galego e en todo caso o cesamento producirase:

- a) Por morte ou declaración de falecemento.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.
- d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, se así se declarar en resolución xudicial.
- e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.
- f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen solicitar a inscrición no correspondente rexistro de fundacións.
- g) Polo transcurso do período do seu mandato se fosen nomeados por un determinado tempo.
- h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación. A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ao órgano de goberno da fundación.

2. A substitución, o cesamento e a suspensión dos padroeiros comunicaranse formalmente ao Protectorado e inscribírase no correspondente Rexistro de Fundacións.

Artigo 20. A Comisión Permanente

1. O Pleno do Padroado poderá acordar a constitución dunha comisión permanente, conformada necesariamente por membros do Padroado, en que se poderán delegar aquelas funcións que se consideraren necesarias para facilitar o goberno da Fundación.

2. A Comisión Permanente do Padroado estará integrada por:

Presidente/a: presidente/a do Pleno ou outro membro deste en quen delegue, que actuará como presidente/a da Comisión, e cuxo voto será dirimente en caso de empate na adopción de acordos.

Vicepresidente/a: vicepresidente/a do Pleno ou un/ha vogal en quen delegue

Secretario/a: secretario/a do Pleno.

Dous vogais designados/as polo Pleno.

3. Poderán ser funcións delegadas na Comisión Permanente:

- a) A execución dos acordos do Padroado.
- b) A normal administración da Fundación e as xestións encomendadas polo Padroado.
- c) A elaboración de orzamentos, contas anuais e demais propostas para seren aprobadas polo Padroado.
- d) Dirixir, xestionar e supervisar o funcionamento da Fundación.
- e) Proponer, con base nas directrices emanadas do Padroado, os plans periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades para realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.
- f) Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas idóneas para levalos á práctica.
- g) Dirixir e coordinar a xestión económica e administrativa da Fundación.
- h) Asumir a xefatura común e organización do persoal da Fundación.

4. A Comisión poderá convidar ás reunións persoas que poidan achegar informacións valiosas para o exercicio das súas funcións. En ningún caso terán voto.

5. O mandato dos membros da Comisión será de catro anos, renovable por outros catro.

Artigo 21. Órgano de xestión. O director-xerente

1. O Padroado poderá acordar o nomeamento dun director-xerente da Fundación, que será o órgano encargado da xestión diaria da Fundación, e ao que lle corresponderán, salvo as facultades atribuídas ao Padroado conforme ao sinalado nos presentes Estatutos e na lexislación aplicable, as funcións integrantes da devandita xestión común, facéndose responsable dela, e estendéndose a súa competencia a todos os asuntos pertencentes ao obxecto e actividades fundacionais.

2. O director-xerente da Fundación será nomeado, e separado, por maioría absoluta dos membros que integran o Pleno do Padroado, e a proposta do seu nomeamento corresponderá ao/á presidente/a daquel.

3. Para o caso de nomearse un director-xerente, poderalle corresponder as seguintes atribucións, cando non sexan asignadas, se é o caso, á Comisión Permanente:

- a) Facer cumprir os acordos do Padroado.



GR6163400

02/2022

- b) Dirixir, xestionar e supervisar o funcionamento da Fundación.
- c) Proponer, con base nas directrices emanadas do Padroado, os plans periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades para realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.
- d) Ordenar os traballos precisos para a elaboración do orzamento, das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.
- e) Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas idóneas para levalos á práctica.
- f) Dirixir e coordinar a xestión económica e administrativa da Fundación.
- g) Asumir a xefatura común do persoal.
- h) Organizar os traballos da Fundación en todos os seus aspectos.
- i) Aquelas facultades delegadas de xeito explícito polo Padroado.

Artigo 22. Consello Asesor

O Consello Asesor é un órgano colexiado de información, consulta e participación integrado polo Presidente ou Presidenta, o Vicepresidente ou Vicepresidenta e o Director ou Directora Xerente da Fundación xunto cos membros fundadores e de número a que se refiren os artigos 3 ter e 3 quater destes Estatutos.

O Consello Asesor reunirse con carácter ordinario, ao menos, unha vez ano antes da aprobación definitiva dos orzamentos. Na orde do día desta sesión incluírase o proxecto de orzamentos proposto pola xerencia da Fundación.

Artigo 23. Membros de honra

1. O Padroado poderá designar como membros de honra da Fundación a aquelas persoas físicas e xurídicas que contribúan dun xeito destacado á consecución do obxectivo fundacional.
2. O Padroado poderá outorgar a Presidencia de Honra da Fundación a aquela persoa física que polas súas especiais circunstancias constitúa unha referencia institucional en relación co obxecto da Fundación.
3. A persoa que exerza a Presidencia de Honra poderá presidir, a título honorífico, reunións do órgano de goberno da Fundación en datas sinaladas, para o obxecto de coñecer directamente as distintas actividades desenvolvidas pola Fundación.

Artigo 23 bis. Funcionamento a distancia

Os órganos colexiados de goberno e asesoramento da Fundación poderán reunirse de forma presencial ou a distancia empregando, neste último caso, medios electrónicos que aseguren a identidade das persoas asistentes e a interactividade entre elas en tempo real, a constancia íntegra do contido das súas manifestacións e do momento en que se producen. Será igualmente posible que, cando así o autorice o Presidente do Padroado, as persoas que non podan acudir presencialmente participen a distancia nas condicións indicadas.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO DA FUNDACIÓN

Artigo 24. Patrimonio

1. O patrimonio da Fundación está formado por todos os bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, ben como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, se aféctense ou non á dotación.
2. A Fundación deberá figurar como titular de todos os bens e dereitos integrantes do seu patrimonio, que deberán constar no seu inventario anual.
3. O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición nos rexistros públicos correspondentes, a nome da Fundación, dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio.

Artigo 25. Financiamento

1. A Fundación financiarase, para o desenvolvemento das súas actividades, cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, no seu caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

Así mesmo, a Fundación poderá obter ingresos polo exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, e sempre que iso non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios

2. Queda facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao Protectorado.
3. O exercicio económico coincidirá co ano natural.
4. A Fundación levará unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso levará



GR6163399

02/2022

necesariamente un libro diario, e un libro de inventarios e de contas anuais, e aqueles outros libros obrigatorios que determine a lexislación vixente.

5. Na xestión económico-financeira, a Fundación rexeráse polos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

6. Cando concorreren os requisitos previstos no artigo 37 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, a Fundación someterá as súas contas anuais e documentos adicionais a unha auditoría externa, e remitirá ao Protectorado o seu informe no prazo de tres meses desde a súa emisión.

Artigo 26. Contas anuais e plan de actuación

1. As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, de forma conxunta e indivisible, serán aprobadas polo Padroado no prazo máximo de seis meses desde o peche do exercicio, sen que poida delegar esta función noutros órganos da Fundación, e presentaranse ao Protectorado dentro dos dez días hábiles seguintes á súa aprobación. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

2. A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación e as variacións patrimoniais producidas. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, diferenciando entre ingresos e gastos, e indicando os recursos empregados, a súa orixe, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, e os convenios que no seu caso se subscribiran con outras entidades para estes fins.

3. Se a fundación se atopa dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, de conformidade co establecido no artigo anterior, e remitirá ao Protectorado o seu informe xunto coas contas anuais.

4. No caso de existir cambio na lexislación vixente canto á esixencia doutros documentos ou no relativo aos seus prazos de presentación, o Padroado cumprirá, en todo momento, co que sexa de aplicación.

5. O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, en que quedarán reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver no exercicio seguinte. O Padroado non poderá delegar esta función noutros órganos da Fundación.

CAPÍTULO V

MODIFICACIÓN, FUSIÓN E EXTINCIÓN

Artigo 27. Modificación

1. O Padroado poderá modificar os presentes estatutos sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación. En calquera caso, procederá modificar os Estatutos cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación varíen de maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente conforme aos Estatutos en vigor.
2. Para a adopción de acordos de modificación estatutaria, será precisa a votación favorable de, cando menos, tres cuartas partes dos membros do Padroado asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta de membros do Padroado. Nesta votación non se admitirá a delegación de voto.
3. A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo Padroado comunicárase ao Protectorado e terá que ser formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 28. Fusión

1. O Padroado da Fundación poderá acordar a fusión desta con outra fundación sempre que resulte conveniente en interese desta.
2. O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable de, ao menos, dúas terceiras partes dos membros do Padroado asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta de membros do Padroado. Nesta votación non se admitirá a delegación de voto.

Artigo 29. Extinción

1. A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.
2. O acordo de extinción deberá ser aprobado co voto favorable de, polo menos, dúas terceiras partes dos membros do Padroado asistentes á reunión, sempre que representen a maioría absoluta de membros do Padroado. Nesta votación non se admitirá a delegación de voto.

Artigo 30. Liquidación e adxudicación

1. A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que se realizará polo Padroado baixo o control do Protectorado.
2. A totalidade dos bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución de aqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, de acordo coa lexislación vixente, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral. Queda expresamente autorizado o Padroado para realizar a devandita aplicación.



GR6163398

02/2022

**CLÁUSULA ADICIONAL**

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a Fundación expresamente se somete.

E COPIA da sua orixinal en donde queda anotada. Expídoa para a Fundación CENTRO DE INVESTIGACION EN TECNOLOXIAS DA INFORMACION E AS COMUNICACIONES DE GALICIA, en quince folios de papel timbrado, serie e número o do presente folio e os catorce seguintes correlativos. Na Coruña, o mesmo día do seu outorgamento. DOU FE. -----



0274758322

ARANCEL NOTARIAL - sin cuantía

Aranceles n.ºs 1, 7, 5 Y NORMA 8ª.
Honorarios 152,80.€